

ACTA nº 03/2023

REUNIÓN DO CONSELLO COORDINADOR DO AGRUPAMENTO EUROPEO DE COOPERACIÓN
TERRITORIAL DE RIO MINHO – AECT RIO MINHO

---- O día cinco de xullo de dous mil vinte e tres, ás 15.30 horas PT, nas instalacións do CIM Alto Minho-Valença, sitas na avenida Miguel Dantas, nº 69, de Valença, en Valença, reuniuse o Consello de Coordinación da Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Minho – AECT Río Minho. -----

---- Asistiron, como membros do Consello de Coordinación do AECT Río Minho, o Director, Uxío Benítez Fernández, Deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra, e os vogais D. Enrique Cabaleiro González, alcalde de Tui e D. José Manuel Vaz Carpinteira, presidente da C. M. de Valença. Á reunión tamén asistiu o asesor en proxectos europeos transfronteirizos da Deputación de Pontevedra, Lois Pérez Castrillo. -----

---- Xustificaron a súa ausencia: o vicedirector e presidente da CM de Vila Nova de Cerveira, Rui Pedro Teixeira Ferreira da Silva , por razóns de axenda, e o vogal da Secretariado Técnico, António Pereira Torres, por acharse de vacacións. -----

---- A reunión estivo presidida polo director do Consello de Coordinación do AECT Río Minho, Uxío Benítez Fernández, e tratáronse, segundo a orde do día, os seguintes asuntos: -----

---- **Asunto nº 1: Aprobación da acta da sesión anterior;**

---- Tras a apertura dos traballos por parte do Director da AECT Río Minho, presentouse a Acta da reunión celebrada o día 3 de marzo de 2023 que, tras ser lida e revisada, recibiu a aprobación por unanimidade e será asinada polo Director e o vicedirector. -----

---- **Asunto nº 2: Asuntos relacionados coa execución dos proxectos da AECT Río Minho:**

---- Informa-se por parte do Secretariado do inicio dos traballos da equipa contratada para os traballos de elaboración e redacción do proxecto "0011_RIO_MINHO_2030_1_P: Revisitação da Estratexia Rio Minho 2030", financiado con cargo á primeira convocatoria do Programa Operativo POCTEP 21-27(Interreg VI A). Os traballos comezaron no pasado mes, cunha reunión con técnicos municipais e continuarán o próximo día 13 de xullo con a presentación por parte da equipa redactora dirixida aos presidentes de cámara, alcaldes e alcaldesas do territorio do río Miño. -----

---- Informase ademais da presentación ás sucesivas convocatorias POCTEP 2021-2027 aberta até o momento, das candidaturas seguintes: -----

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

- 41_REDE_GOV_MINHO_1_P: Rede de Gobernanza do Rio Minho Transfronteirizo (2ª convocatoria); -----
- ANEL_VERDE_RIO_MIÑO: Rede de infraestruturas verdes para a protección e preservación da biodiversidade dos espazos naturais do Rio Minho Transfronteirizo (3ª convocatoria); -----
- 763_Visit_Rio_Minho_Plus_1_P: Consolidación da marca Rio Minho y creación de novos produtos turísticos transfronteirizos (4ª convocatoria-turismo); -----
- RESO_MINHO Rede de sonoridades do rio Minho transfronteirizo (4a Convocatoria-cultura). -----

---- Agardase que ao longo deste mes se fagan públicas as resolucións de aprobación por parte das autoridades de xestión do POCTEP. -----

---- Acordase finalmente elaborar por parte do ST un relatorio resumo para presentar aos concellos, dos proxectos executados no período 2014-2020, os que se están aínda a executar así como aqueles que sexan aprobados das convocatorias 1, 2, 3 e 4 do período 21-27 e os que está previsto presentar no futuro, a calquera programa operativo financiado por FEDER. -----

Asunto nº 4: Outros asuntos de interese para a AECT do Río Minho:

---- Informa o director de que mañá día seis, constitúese a nova corporación provincial na Deputación de Pontevedra, tomando pose os novos deputados e deputadas e sendo nomeado un novo presidente. Informa do calendario aproximado de organización interna e distribución de responsabilidades e delegacións no seo do goberno provincial, sendo que deberá ser designados novos representantes do socio galego, segundo o estipulado nos estatutos do AECT. -----

---- Unha vez informado, o Consello Coordinador toma, por unanimidade, os seguintes acordos: -----

1. Que unha vez se teña coñecemento das designacións se solicitará da presidencia da deputación a designación de representantes na Asemblea Xeral, así como a designación de director, do vocal do Consello Coordinador e do membro do Secretariado Técnico. -----
2. Acordase tamén que dado que o técnico que ven facendo funcións de apoio ao ST e ao Consello Coordinador D. Lois Pérez Castrillo, cesa nas súas funcións como asesor de proxectos transfronterizos da Deputación, proceder á súa contratación por un período dun mes, por un valor de 3.200 euros mais o IVA correspondente, a través da realización de ADS á empresa Ponte das Donas SL, de Vigo, onde é colaborador, co fin de poder facilitar o proceso de comunicación e cambio da representación do socio galego, así como apoiar os traballos de realización e participación cidadá do proxecto "RIO MINHO 2030" co-financiado polo Programa INTERREG VI A, mentres non sexa designado un novo técnico por parte da deputación.-----

3. Manter reunións coas eurocidades para estudar o papel futuro da cooperación no territorio do Miño.

---- Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17:00 horas. -----

---- E, para que conste, a presente Acta foi redactada e asinada polo director e vicedirector. -----

Valença, cinco de xullo de 2023

O Director,

(Uxio Benítez Fernández)

Pe'l O Vicedirector,

(José Manuel Vaz Carpinteira)